

A FORMACIÓN DA LINGUA GALEGA

O elemento fundamental na formación da lingua galega é o **latín** traído ao Occidente da Península Ibérica polos soldados e colonizadores romanos. A este hai que sumarlle os aportes das linguas faladas antes neste territorio pola poboación autóctona, as chamadas **linguas de substrato**, e tamén elementos doutras linguas posteriores ao latín, as **linguas de superestrato**.

Respecto aos pobos prerromanos apenas sabemos que tiñan unha **cultura castrexa** e carecían de unidade lingüística. O seu léxico é incorporado polo latín e refírese tanto a palabras comúns (barro, veiga, cabana,...) como topónimos (Tarascón, Coruña, Barallobre,...), pertencentes algúns a linguas indoeuropeas e outros a linguas preindoeuropeas. Entre os restos da compoñente indoeuropea destaca o aporte da lingua céltica, á que se lle teñen atribuído, ademais de léxico común (camisa, carro, camiño,...), algunhas das evolucións do latín falado polos pobos prerromanos, que co tempo se convertería na lingua galega (grupo latino -CT- > -it-: nocte > noite; sonorización das consoantes oclusivas xordas -P-, -T-, -C- > -b-, -d-, -g-: lupu > lobo, metu > medo, lege > lei; perda do -N-: luna > lúa).

Coa chegada dos exércitos romanos á Península Ibérica e despois de varias expedicións, estes conquistan o actual territorio de Galicia. Tras a conquista, agás casos de imposición violenta, produciuse unha convivencia entre os galaicos e os romanos, iniciándose así a **asimilación cultural e lingüística** da poboación autóctona. Este proceso foi lento e poderíamos establecer **tres etapas**:

1ª: o latín é a lingua dos conquistadores e da nova estrutura política e administrativa

2ª: asimilación da lingua latina polas novas xeracións, así como os cultos relixiosos e a onomástica

3ª: xeneralización do latín e a cultura romana que, iniciada polas elites locais e seguida polo resto da poboación, sería máis rápida e completa nas cidades e nos núcleos de poboación máis importantes. Aínda así, os galaicos conservaron elementos propios da súa cultura, hábitos lingüísticos, léxico e topónimos das linguas que falaban antes.

Na xeneralización do latín, xunto coa vida militar, o comercio e a administración, a difusión do cristianismo foi un factor importante que contribuíu a que no século V o proceso de romanización xa estivera completado.

A comezos do século V chegan **os suevos** ao actual territorio galego. Pero este pobo **xermánico** non deixou moitas pegadas na nosa lingua, limitándose o seu aporte a nomes de lugar (Mondariz, Samil, Baltar,...), de persoa (Rodrigo, Gonzalo, Alberte, Elvira,...) e léxico común (gañar, tregua, dardo,...) que se difundiu a través do latín ou posteriormente na época medieval a partir das linguas francesa e occitana (frecha, orgullo, guerra,...). As **causas** débense, entre outras, ao seu escaso número, ao seu dominio militar pero non cultural e a estar relativamente romanizados.

Máis que polo que nos deixaron, a importancia lingüística dos xermanos está en que provocaron unha **depresión cultural** e un debilitamento nas comunicacións entre as distintas rexións do Imperio, o que deu lugar a que o latín tivese unha evolución autónoma nos diferentes territorios.

Posteriormente temos presenza **árabe** no territorio galego, pero é breve e pouco intensa, polo que a pegada cultural e lingüística é moi escasa. A maior parte dos elementos árabes entraron no galego a través doutras linguas (castelán, portugués, francés, italiano) e en distintas épocas. Hoxe consérvanse algúns topónimos (Sada, Rábade, A Mezquita,...) e palabras comúns (alcalde, cenoria, aceite, albanel,...).

A invasión árabe, se ben lingüisticamente só influíu en determinados aspectos do léxico e da toponimia, tivo un efecto fundamental na formación das linguas peninsulares coas súas peculiaridades rexionais e rasgos diferenciadores.

Así pois, podemos datar a existencia da **lingua galega** entre o século VIII e o século XII, resultado da autónoma evolución do **latín** falado no Noroeste peninsular cos aportes de **substrato** (poboación autóctona) e de **superestrato** (xermanos e árabes).